MANUEL MARÍA
O POETA DA TERRA CHÁ



Manuel María Fernández Teixeiro naceu en Outeiro de Rei, Lugo, o 6 de outubro de 1929. Era fillo de Antonio e Pastora, dous labregos acomodados. Os seus primeiros estudos foron nas escolas de Outeiro e Rábade, pasando a Lugo a estudar o bacharelato.

Manuel de Paderna, un xornaleiro da súa vila natal, aprendeulle a compoñer versos, actividade que non deixou nunca e para a que tiña unha gran facilidade.

Viviu en Monforte de Lemos, onde traballou como procurador dos tribunais e como profesor nas Academias Balmes e Monforte.
Casou con Saleta Goi e anos despois montaron unha librería en Monforte: a Libraría Xistral.
Escribiu moitísimos libros de poesía, teatro, narrativa...: *Barriga Verde*, *Terra Chá*, *Os soños na gaiola*, *O bigote de Mimí*, *As rúas do vento ceibe*, *Auto do labrego*...
Toda a súa obra literaria está escrita en idioma galego.
Foi membro da Real Academia Galega e o seu discurso de ingreso tivo por título *A Terra Chá: poesía e paisaxe*.
No ano 2016 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.



LIVEWORKSHEETS

QUE SABES DE MANUEL MARÍA?

1. Completa.

Antonio Lugo Outeiro de Rey Manuel Mª Pastora Fernández Teixeiro

NOME: APELIDOS:

LUGAR DE NACEMENTO:

PROVINCIA:

NOME DO PAI:

NOME DA NAI:

2. Une os lugares coa importancia que tiveron na vida de Manuel María.

Monforte	Foi á escola
Lugo	Naceu alí
Outeiro de Rei	Fixo o bacharelato
Rábade	Viviu e traballou alí

3. Marca as respostas correctas.

Manuel María naceu en Palas de Rei.

Foi a escola primaria en Outeiro e Rábade.

Manuel de Paderna aprendeulle a cantar.

Foi membro da Real Academia Galega.

Nunca lle dedicaron a Día das Letras Galegas.

LIVEWORKSHEETS

4. Completa con:

abandonou **versos** **facilidade** **xornaleiro**

Manuel de Paderna, un a súa vila natal, aprendeulle a compoñer, actividade que non nunca e para a que tiña unha gran .

5. Resolve o encrucillado.

1. Unha das dúas academias monfortinas nas que traballou.
2. Que oficio tiñan seus pais?
3. Era de Paderna e aprendeulle a facer versos.
4. Localidade na que naceu.
5. Idioma no que escribiu todos os seus libros.
6. Cidade na que estudou bacharelato.
7. Localidade na que traballou como profesor e procurador.
8. Nome da súa muller.
9. Nesta vila luguesa tamén estudou primaria.
10. Nome da libraría que montou con Saleta en Monforte.
11. Como se chamaba súa nai?



1. BALMES 2. LABREGOS 3. MANUEL 4. OUTEIRO 5. GALEGO 6. LUGO
7. MONFORTE 8. SALETA 9. RÁBADE 10. XISTRAL 11. PASTORA

LIVEWORKSHEETS